



A Coruña, 1 de setembro de 2017

Estimado/a Director/a:

Ao comezar o período académico 2017-2018, como xa ven sendo habitual, póñome en contacto con vostede para indicarlle que, un curso máis, continuamos ofrecendo á institución educativa que dirixe, a posibilidade de que alumnos, profesores e pais poidan beneficiarse da colaboración que os nosos expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado lles brindan a través da temática recollida no Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e os seus Contornos.

Na liña do contido do noso escrito que o Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tivo a amabilidade de colgar no Portal Educativo de Consellería o ano pasado, recordámoslle que, entre outros, os obxectivos que se pretenden acadar coas actuacións recollidas no Plan Director, son todos aqueles que procuran dar respostas coordinadas e eficaces a todas as cuestións relacionadas coa seguridade dos alumnos nos centros educativos e os seus arredores, os que fortalecen a cooperación policial coas autoridades educativas, os que pretenden mellorar o coñecemento que a poboación escolar posúe sobre os recursos policiais ou os que fomentan nos nenos e xoves o respecto polos dereitos fundamentais.

Continuamos coa proposta de actividades relacionadas:

- Co acoso escolar nas súas diferentes formas.
- Cos riscos asociados a utilización da Internet e as novas tecnoloxías.
- Co consumo e tráfico de estupefacientes.
- Co consumo de alcol.
- Coa violencia contra os centros escolares e as comunidades educativas.
- Coas actividades de grupos violentos de carácter xuvenil.
- Cos abusos y agresións sexuais.
- Co maltrato no ámbito familiar.
- Coa violencia sobre a muller.



- Coa discriminación por razón de sexo ou orientación sexual.
- Cos comportamentos racistas y xenófobos.
- Cos perigos e ameazas relacionadas coa prostitución e a pornografía infantil.

Ademais, pretendemos xeneralizar:

O proxecto ciberexpert@ dirixido a nenos de 9 a 11 anos e tamén as actividades nos centros residenciais tutelados.

Valorando a incidencia que todas estas cuestións están afectando, de forma xeneral, en toda a sociedade e, en particular, nos máis xoves; se o seu centro é usuario habitual das intervencións que con tanta eficacia están levando a cabo os membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, seguro que, para favorecer aos seus alumnos, continuará solicitando a súa intervención. Se polo contrario, non se propuxo esta posibilidade, animámoslle a que o faga. A experiencia e os resultados dos últimos cursos aválanos.

Como xa coñece, os expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto coas Unidades de Coordinación de Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia e das Subdelegacións a nivel provincial, en colaboración cos Servizos Territoriais da Inspección Educativa das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, son os responsables da execución do Plan Director que, desde o ano 2013, ten vocación de permanencia no tempo.

Se vostede ten interese en coñecer máis polo miúdo o contido deste programa, ten a posibilidade de descargar a Instrución 7/2013 da Secretaría de Estado de Seguridade e todo o resto da documentación para participar no Plan Director no enlace seguinte: <http://www.edu.xunta.es/web/node/199905>.

Para calquera aclaración, pode dirixirse a Delegación do Goberno en Galicia, Área Funcional de Alta Inspección, praza de Ourense, 11, teléfonos: 981989550-52-57. Correo electrónico: [educacion.acoruna@correo.gob.es](mailto:educacion.acoruna@correo.gob.es)

Reciba un cordial saúdo.

